

PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO

Contenido

Introdución.....	2
Contexto xeral do centro.....	2
Necesidades detectadas e obxectivos fixados	3
Dimensión europea do centro:.....	3
Dimensión didáctica	3
Dimensión lingüístico–comunicativa.....	4
Dimensión de desenvolvemento profesional	4
Actividades propostas para o cumprimento dos obxectivos	4
Limiar.....	4
Proxectos programados.....	5
Resultados e impacto esperados.....	5
Impacto no centro e na comunidade educativa	5
Impacto nos participantes e no resto de profesorado	6
Impacto sobre o alumnado	6
Difusión	7

Introdución

A nosa sociedade caracterízase polo rápido desenvolvemento tecnolóxico e a inclusión das TICs nas rutinas diarias dos cidadáns, a globalización e a integración no marco da Unión Europea.

Neste contexto globalizado e de cambio permanente, os docentes temos a responsabilidade de que o noso alumnado estea cada día máis preparado, e adquira as vantaxes competitivas necesarias para que desenvolvan plenamente as súas capacidades persoais e profesionais, tanto no seu entorno máis próximo como a nivel europeo. É preciso aprofundar nun ensino plurilingüe que sexa quen de acadar no profesorado e no alumnado a adquisición da competencia lingüístico-comunicativa en linguas estranxeiras.

Fundamentándonos nos valores da Unión debemos adaptarnos ao modelo de educación socioformativo, formando non só cidadáns competentes para o seu desempeño profesional, senón entendendo que o respecto a dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade respecto ás minorías e igualdade entre homes e mulleres debe formar parte das intencións educativas do noso Centro.

Así, o presente plan pretende ser o vehículo que aporte a necesaria dimensión Europea ao proceso de ensino, a través da formación, a preparación, o intercambio de ideas, as mobilidades de alumnado e docentes a outras institucións, fornecendo as competencias clave e o plurilingüismo, artellando a comunicación entre os membros da Unión Europea e divulgando os seus valores e principios.

Contexto xeral do centro

O **Centro Público Integrado do Mosteiro-Meis**, é un centro creado no 1.974, está sito na zona interior da comarca do Salnés (no centro das Rías Baixas). Pertence ao concello de Meis, situado ao oeste da provincia de Pontevedra, abrangue dende o alto do monte Castrove ata as beiras do río Umia cunha extensión de 51,9 Km². O censo móvese arredor dos 5.000 habitantes, distribuídos entre as súas sete parroquias. A súa poboación ten baixo nivel de estudos en termos xerais. A lingua predominante é o galego, aínda que dende os últimos anos o castelán está crescendo moi significativamente mentres que o número de galegofalantes diminúe.

O CENTRO:

- Está emprazado nunha zona rural.
- Impártense as etapas de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria e o programa CUALE (francés). A matrícula total móvese nos 350 alumnos e alumnas.
- Ten 4 seccións bilingües en inglés dende o ano 2010 na etapa de educación primaria.
- Conta con comedor escolar autoxestionado, dispoñemos de instalación de cociña e catro cociñeiras. A meirande parte do alumnado é usuario do servizo de comedor.
- É un centro moi activo en proxectos, con gran parte dos seus 40 profesores e profesoras implicadas neles (contratos-programa, PLAMBE, club de lectura, PFPP, Programa DAFIS, Plan Proxecta, Fitofaladoiro...).



PROFESORADO PARTICIPANTE:

En este plan de desenvolvemento europeo participará profesorado que responde a varios perfiles:

- Docentes especialista en linguas estranxeiras.
- Docentes non especialistas que queira desenvolver a súa capacitación lingüística para participar nunha sección bilingüe.
- Docentes que teñan intención de compartir experiencias educativas ou participar mediante proxectos con outros países da Unión coa finalidade de enriquecer a súa práctica docente.
- Equipo directivo.

ALUMNADO PARTICIPANTE

- Todos os alumnos e alumnas do centro: implicados en xornadas internacionais, en actividades divulgativas, en charlas e tamén a través da aplicación das metodoloxías adquiridas nas distintas accións, actividades pedagóxicas, etc
- Para as posibles mobilidades a selección do alumnado realizarase en función da actividade prevista: KA2, intercambio, inmersión lingüística, características propias da acción, idade requirida...

Necesidades detectadas e obxectivos fixados

O Plan de Desenvolvemento Europeo vertébrase nas seguintes dimensións:

Dimensión europea do centro:

Obxectivo: internacionalizar o centro, apoiar accións alén do local, nun ambiente aberto e flexible.

As necesidades que detectamos a este respecto son:

- Aumento das mobilidades das persoas.
- Apertura cara ao exterior.
- Establecemento de relacións con outras institucións.
- Encontros con outros profesionais; intercambios de experiencias, ideas e establecemento de contactos para posibles colaboracións futuras.
- Desenvolvemento de valores europeos: contactos con outras culturas; coñecemento doutros contextos culturais, pluralismo, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre mulleres e homes.

Dimensión didáctica

Obxectivo: adquirir novas metodoloxías educativas e novas habilidades de traballo.

Necesitamos:

- Novas metodoloxías e actividades no ensino de linguas estranxeiras coa intención de mellorar o proceso ensino-aprendizaxe.
- Ampliación de coñecementos dos docentes en prácticas, metodoloxía e ferramentas dixitais.

- Experimentar prácticas docentes que integren, motiven e sexan o alicerce do ensino socioformativo, loitando contra o abandono escolar e a falta de interese.

Dimensión lingüístico–comunicativa

Obxectivo: mellora das competencias en linguas estranxeiras.

Necesitamos:

- Mellora no nivel de diferentes linguas e a competencia comunicativa.
- Promoción da diversidade lingüística; o multilingüismo, valor fundamental da formación e riqueza cultural.
- Procesos de inmersión real en países coa lingua estudada ou vehicular.
- Mellora da comunicación e realización de tarefas noutros proxectos europeos (KA2).

Dimensión de desenvolvemento profesional

Obxectivo: mellorar da calidade e a innovación, en particular, a través dunha maior cooperación internacional.

Necesitamos:

- Pescudar e observar outras prácticas educativas, de organización e de xestión.
- Incorporar novas formas de colaboración.
- Unha maior difusión dos programas europeos, as oportunidades que ofrecen, animando á comunidade á súa participación.
- Coñecer outros sistemas educativos innovadores.

Actividades propostas para o cumprimento dos obxectivos

Limiar

A día da aprobación deste documento, o Centro non ten tradición de participación en Programas Europeos. Nunca houbo intercambios entre estudantes, aínda que tivemos unha experiencia nun proxecto Comenius no 2005 cun centro napolitano. Con este proxecto pretendemos cambiar esta tendencia, para comezar unha etapa na que potenciemos a internacionalización do Centro e beneficiarnos de experiencias europeas.

Porén, si que temos tradición en contar con auxiliares de conversa nativos grazas ás seccións bilingües, beneficiándose tanto o alumnado de Educación Primaria como o da ESO dende o ano 2010.

Temos solicitado dende o ano 2013 o programa de inmersión lingüística en inglés, aínda que non foi concedido en ningunha das convocatorias solicitadas.

Xa é tradicional a viaxe cultural de 5 días a unha capital europea polo alumnado que cursa 4º ESO, xeralmente Londres.

Tamén o comedor escolar contribúe ao coñecemento doutros culturas coas xa tradicionais **Xornadas gastronómicas**, que desenvolve dende o 2013.

Proxectos programados

O centro comprométese promover a participación en todos aqueles proxectos que contribúan a conseguir os obxectivos fixados dentro do Plan de Desenvolvemento Europeo. Así,

Solicitarase un Erasmus + KA1, na convocatoria de 2018 tendo como obxectivo a ampliación das seccións bilingües e a observación da integración de novas tecnoloxías e metodoloxías, polo que serán necesarios:

- Visita de estudio (job shadowing).
- Cursos aicle.
- Cursos sobre novas tecnoloxías.
- Impartición de docencia noutro estado.
- Cursos sobre nivel curricular de lingua estranxeira.

Solicitarase un Erasmus + KA2, asociación estratéxica a dos estados: Irlanda - España

Fomentarase o emprego de **Etwinning** para o desenvolvemento de proxectos, contactos con outras institucións...

Potenciación e apoio á participación en programas de **intercambios, inmersión lingüística...**

Procura de redes internacionais, colaboradores coa nosa institución, cooperación co noso Concello para contactar con outros municipios no ámbito europeo, para desenvolver os valores de amizade, coñecemento e cooperación entre pobos. Proxectos nos que forneamos os vínculos entre a institución educativa e as institucións da contorna.

Celebración no centro do **Día de Europa, cada 9 de maio.**

Difusión doutras accións para a internacionalización do centro e animación á participación activa en convocatorias europeas.

Resultados e impacto esperados

A realización dun proxecto europeo Erasmus supón a introdución da dimensión europea na educación, traballar en Europa e por Europa.

Consecuentemente prodúcese unha repercusión a todos os niveis: nivel de competencias lingüísticas, cambio de dinámica do centro, apertura cara ao exterior... así pois debemos reflexionar sobre o impacto na nosa institución e a nosa contorna. que aprendemos? que integramos? que manteremos a curto e a longo prazo?

Impacto no centro e na comunidade educativa

- A elaboración e aprobación do presente plan (PDE) xa é en si mesmo un impacto no Centro pola reflexión sobre a europeización do centro e o compromiso de continuidade.

- Mellora a calidade educativa: mellora das capacidades e das competencias de toda a comunidade educativa; así mesmo coas actividades de formación e os talleres e reunións posteriores crearemos unha base de actividades a disposición de toda a comunidade e centros locais e rexionais.
- Alicerzar as relacións coas entidades e institucións locais, chamadas a colaborar e participar das actividades propostas, cando non directamente implicadas.
- A imaxe do centro vese reforzada.
- As prácticas tamén vense modificadas pola observación doutras realidades, doutros xeitos de facer as cousas.
- A potenciación de relacións internacionais.
- A dimensión europea no centro, e na contorna vese reforzada coas mobilidades, as experiencias, as exposicións ...

Impacto nos participantes e no resto de profesorado

- Mellora das competencias lingüísticas en linguas estranxeiras: iso propiciará unha maior participación en proxectos europeos, consecución de habilitacións lingüísticas...
- Adquisición de novas estratexias, metodoloxías, actividades... estas compartiranse co resto de profesorado. O beneficiario comprométese a aplicarlas (aquelas que considere adecuadas ao seu contexto e contorna) e incluílas no currículo da materia.
- Aumento de coñecementos sobre ferramentas TIC, plataformas, actividades internet.. maior familiarización e aplicación para a clase.
- Coñecemento e difusión da plataforma eTwinning. Para os docentes, supón unha contorna no que coñecer a compañeir@s doutras nacionalidades, intercambiar ideas, discutir sobre intereses comúns e elaborar proxectos conxuntos.
- Coñecemento doutras culturas, vivencia de novas experiencias que se comparten a través de reunións, grupos de traballo, exposicións...

Impacto sobre o alumnado

- A formación e a maior cualificación do profesorado implica unha mellora no proceso ensino-aprendizaxe, logo formarse ten como obxectivo prioritario o impacto sobre o alumnado.
- Servímoslles de exemplo: a transmisión das experiencias de primeira man esperta a curiosidade e as ganas de coñecer outras realidades e contaxia aos nosos alumnos desas ganas por participar en proxectos europeos, saír, abrirse ao mundo.
- Dámoslles a coñecer os proxectos europeos, as posibilidades que eles ten no seu presente educativo e no seu futuro.
- As novas metodoloxías e as actividades TIC resultan altamente motivadoras e adoitan dar bos resultados na aula.

O impacto asegúrase:

- A través do compromiso dos profesores beneficiarios de incluír os seus resultados (ou algún deles) no currículo.

- A través da inclusión de medidas, métodos, estratexias... nos documentos oficiais de Centro: PEC, Memoria anual...
- Visualización das mobilidades e do traballo sobre o proxecto: Recuncho Erasmus, Día de Europa...
- A través dos talleres, reunións, cursos, sesións previstas para logo das mobilidades.
- A través da avaliación consideraremos mellor o impacto producido.
- O compromiso de levar a cabo o PDE. Este plan influirá en moitas das tomas de decisións estratéxicas do centro.
- Deixando a disposición de todo o profesorado o material ERASMUS, de xeito que sexa reutilizado en cursos posteriores.

Difusión

- Difusión entre os profesores da información sobre os programas europeos: inclusión como punto do día tanto en claustros como en CCP. Reunións específicas sobre accións concretas.
- Creación dunha sección na páxina web do centro : PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO na que colgaremos a versión completa, documentación, enlaces de interese, información sobre os proxectos no centro: inmersión lingüística, intercambios... e por suposto programas europeos
- Convocaremos o proceso de selección de candidatos (profesores, alumnos...)
- Realización de trípticos informativos que difundiremos polo centro e a localidade (e naquelas organizacións, asociacións... onde consideremos póidalles ser de interese)
- Os profesores participantes comprometeranse a incluír en currículo das súas materias as novas achegas metodolóxicas, pedagóxicas, actividades... os grupos de traballo e avaliacións servirannos para valorar o que e como podemos adaptar á nosa contorna o adquirido; en todo caso o reflexo na nosa práctica docente ten que ser evidente a influencia da nosa nova experiencia.
- Notas de prensa: os programas nos que participemos difundiranse en prensa local e/ou rexional.
- Recuncho "Erasmus": taboleiro e vitrina na que se plasmen as actividades realizadas nos proxectos. Haberá un plano europeo de localización de países, nomes de institucións coas que traballemos, localidades, postais, fotos, obxectos. Será visible para calquera que visite o centro.
- Nosa finalidade con todas estas medidas? novamente dar un ambiente europeo ao noso centro e abrir o espazo de educación e traballo; que todos sexamos conscientes do novo marco e panorama que se suscitan, e das posibilidades que ofrece.